




A NENA E O AVIÓN

Había unha vez unha nena moi fermosa que se chamaba María. Tiña seis anos e vivía nunha vila chamada Ververás, cos seus pais Rosa e Xoán. Naquel lugar había algo raro, porque ela era a única nena pequena; había outras, pero tiñan quince, dezaseis e dezasete anos e non lle facían caso.



44 Intres
Febrero 2005

María non tiña con quen xogar, agás cos pais, pero Rosa só estaba libre os domingos e raras veces xogaba con ela, porque ese día dicía que era para descansar. O pai, Xoán, non podía xogar con ela porque pasaba semanas sen ir pola casa, porque era camioneiro.

Un día María decidiu facer un avión de papel e facelo voar. A nena estivo practicando varios días, porque non lle saía. Cando por fin o fixo, foi ao seu cuarto para botalo pola ventá. Púxoo no bordo da ventá e lanzouno. O avión, aos poucos metros, caeu ao chan; María non se rendeu e baixou á rúa para collelo e volvelo lanzar, pero o avión non estaba. Decidiu ir buscalo porque custáralle moito facelo, non o quería perder.

Buscouno polas rúas da vila e non o encontrou. Estivo preguntando a toda a xente se vira o avión de papel, e unha señora díxolle que o levara un can na boca. María preguntoulle á señora onde estaba ese animal, pero ela non llo quería dicir, porque o can era moi malo; ao final díxollo e a nena foino recuperar. O avión estaba ao lado do can, que estaba durmido, así que a nena entrou moi a modifio, colleu o avión e nunca máis o perdeu.


Daniel Mato Cea

AS DÚAS AMIGAS

Había unha vez, nunha vila de Galicia chamada Melide, unha rapaza que se chamaba Ana, que vivía cos seus pais; na súa familia só quedaban seus pais e ela.

Un día, foron á casa onde vivían os avós antes de morrer. Ana foi dar un paseo por alí e perdeuse. Seguiu andando un bo anaco e atopou un pazo cunha fonte no medio. Achegóuselle unha rapaza e preguntoulle que facía, xa que alí nunca ía ninguén. E Ana díxolle que se perdera. Ao día seguinte, Ana preguntoulle a Verónica (que así se chamaba a súa amiga) se podía chamar por teléfono á súa casa, pero Verónica contestoulle que nese pazo non había teléfonos.

Ana quedou a vivir alí, e, ao cabo duns meses, chegaron noticias de que houbera un accidente ao lado do pazo e as dúas amigas foron mirar. Resulta que os do accidente eran os seus pais e morreran. Ana púxose moi triste cando o soubo, só quedaba ela na familia.



Marcháronse para o pazo, onde viviron Verónica e Ana xuntas para sempre coma unha verdadeira familia.

Lidia Rodríguez Penas